

O escritor Ricardo Carvalho Calero naceu na cidade de Ferrol o 30 de outubro de 1910.

Era o fillo maior de M.<sup>a</sup> Dolores e Gabriel Ricardo. Tivo cinco irmáns máis.

De pequeno estudou en Ferrol, nunha escola da rúa Magdalena, Ao acabar o bacharelato marchou á universidade de Compostela.


Escribiu en moitas revistas galegas e sempre defendendo o idioma e a cultura galega: A Nosa Terra, Nós, Guión, Galiza, Resol, Universitarios...

Tamén é autor de moitos libros de poe-mas, teatro, relatos...

As pitas baixo a choiva, dirixido aos máis pequenos, cóntanos un feito que lle pasou a Ricardo cando era neno. Quería recoller as pi-tas que se estaban a mollar no patio. Ao final do relato estaban todos mollados como pitos: as pitas, el e toda a súa familia.


Foi profesor do instituto Rosalía de Castro de Santiago.

Este ano a RAG dedícalle o Día das Letras Galegas pola súa defensa do idioma galego e da súa cultura.



RICARDO CARVALHO CALERO

*Ricardo Calero*



EN AS PITAS BAIXO A CHOIVA RICARDO CARVALHO NARRA UN FEITO DA SÚA INFANCIA: METER AS GALIÑAS NO GALIÑEIRO NUN DÍA DE CHOIVA.